

**RESOLUCIÓN SOBRE A CONCESIÓN DE PRÓRROGAS INDIVIDUAIS A EXPEDIENTES
CORRESPONDENTES Á SUBMEDIDA 19.3 (COOPERACIÓN LEADER) DO PDR DE
GALICIA 2014-2020
ANUALIDADE 2021**

I.- Antecedentes

Mediante o Acordo do Consello de Dirección da Agader do 30 de xullo de 2018 aprobáronse as bases reguladoras das axudas para a preparación e realización de proxectos de cooperación entre grupos de desenvolvemento rural, ao abeiro da medida Leader (submedida 19.3), cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020 (DOG nº 153, do 10 de agosto de 2018) e, mediante a Resolución do 24 de setembro de 2018 do director xeral da Agader, convocáronse, subvencións para a execución de proxectos ao abeiro da submedida 19.3 (cooperación no ámbito de Leader), da medida Leader do PDR de Galicia 2014-2020, para as anualidades 2018 e 2019, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (DOG nº 193, do 9 de outubro de 2018).

Mediante Resolución do 31 de maio de 2021 (DOG nº 107, do 8 de febreiro de 2021), amplíase a dotación orzamentaria da Resolución do 24 de setembro de 2018 pola que se convocan subvencións para a execución de proxectos ao abeiro da submedida 19.3 (cooperación no ámbito de Leader), da medida Leader do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020, para as anualidades 2018 e 2019, na que se prevé a execución da convocatoria con cargo ás anualidades 2021 e 2022.

A raíz do disposto nos parágrafos anteriores, para o financiamento desta convocatoria, para o ano 2021 está consignado un crédito de 247.814,00 €. Para o ano 2022 está consignado un crédito doutros 247.814,00 €.



O 18/06/2021 a directora xeral da Agader emite unha resolución pola que se resolve a convocatoria. Os proxectos seleccionados, ordenados de maior a menor puntuación foron os seguintes:

GDR COORDINADOR	PROXECTO	PUNTOS
*(1) Mariñas Betanzos	Alimentos da Biosfera	65
Galicia Suroeste Eu Rural	Eurochef	65
Deloa	Xestión da sostenibilidade nos espectáculos ao vivo	65
*(2) A Limia-Arnoia	Son de Monte	60
Ribeira Sacra Courel	Museos vivos	60
Seitura	Incorporando ilusións	52
Pontevedra Morrazo	Dinamización e promoción IXP Viños de Galicia	30

Coa mesma data de 18/06/2021, a directora xeral emite unha resolución de concesión por cada un dos proxectos sinalados no parágrafo anterior, na que se identifican os GDRs participantes en cada proxecto e se establece un prazo para a execución e xustificación do orzamento para os gastos correspondentes á anualidade 2021 do 15 de outubro de 2021.

Ao longo dos meses de setembro e de outubro deste ano 2021, tiveron entrada no rexistro xeral da Agader solicitudes, por parte de todos o GDRs coordinadores dos proxectos citados no cadro anterior, para a ampliación do prazo de execución e para a presentación da documentación xustificativa correspondente aos gastos da anualidade 2021 que exceden do límite máximo (15 de outubro de 2021) establecido nas resolucións de concesión de axuda.

II.- Fundamentos legais e técnicos

-Acordo do Consello de Dirección da Agader do 30 de xullo de 2018 polo que se aproban as bases reguladoras das axudas para a preparación e realización de proxectos de cooperación entre grupos de desenvolvemento rural, ao abeiro da medida Leader (submedida 19.3), cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural



no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020 (DOG nº 153, do 10 de agosto de 2018).

- Resolución do 24 de setembro de 2018 do director xeral da Agader, pola que se convocan subvencións para a execución de proxectos ao abeiro da submedida 19.3 (cooperación no ámbito de Leader), da medida Leader do PDR de Galicia 2014-2020, para as anualidades 2018 e 2019, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (DOG nº 193, do 9 de outubro de 2018).

-Resolución do 31 de maio de 2021 (DOG nº 107, do 8 de febreiro de 2021), pola que se amplía a dotación orzamentaria da Resolución do 24 de setembro de 2018 pola que se convocan subvencións para a execución de proxectos ao abeiro da submedida 19.3 (cooperación no ámbito de Leader), da medida Leader do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020, para as anualidades 2018 e 2019.

Esta resolución non prexudica a terceiros e non é restritiva nin de dereitos individuais nin colectivos, polo que a súa aplicación de xeito retroactivo ás resolucións de concesión de axuda que xa foran emitidas e notificadas aos interesados antes da data da emisión da presente resolución, non presenta inconveniente.

Tendo en conta:

- Que a pandemia de covid-19 e as conseguintes restricións derivadas da crise sanitaria e da declaración do estado de alarma afectaron de xeito moi negativo ao ritmo das verificacións dos informes control de elixibilidade (ICES) por parte da Subdirección de Relacións cos GDR e á data na que foi posible emitir as resolucións de concesión de axuda e sobre todo ao ritmo de execución dos proxectos, e coa finalidade de facilitar unha execución o máis eficiente posible da medida Leader do PDR de Galicia 2014-2020,
- Que á data de hoxe aínda non finalizou o prazo de execución e xustificación de ningún dos proxectos que no citado anexo I se sinalan, as alegacións dos promotores xustifican a concesión das prórrogas que solicitan, estas non exceden da metade do prazo inicial de execución de xustificación e con elas non se prexudican dereitos de terceiros. Polo tanto, cúmprense as condicións do artigo 32 da citada Lei 39/2015 para a prórroga de que se trata.

En consecuencia,

PROPOÑO, en relación ás resolucións de concesión de axuda emitidas durante a anualidade 2021, correspondente aos proxectos sinalados no anexo I desta resolución e que se tramitan no marco da submedida 19. 3 (cooperación Leader) do citado PDR:



1. Modificar as datas finais, tanto de pagamento dos investimentos ou gastos subvencionables polos promotores aos seus provedores, como de xustificación de investimentos; de xeito que as citadas datas finais, tanto de pagamento dos investimentos ou gastos subvencionables polos promotores aos seus provedores como de xustificación de investimentos sexan as que se indican para cada expediente no citado anexo (22 de novembro de 2021), no que respecta á anualidade 2021.

A modificación das datas finais indicadas nos parágrafos anteriores suporá á súa vez a modificación das resolucións individuais emitidas, durante a anualidade 2021, no ámbito da submedida 19.3 (cooperación Leader), correspondentes á medida 19 (Leader) do PDR de Galicia 2014-2020 no que respecta ao prazo máximo de execución e xustificación dos gastos correspondentes á anualidade 2021.

2. Notificar esta resolución aos interesados e aos GDR inmediatamente e darlle publicidade no taboleiro e na páxina web de Agader.



ANEXO I (prazo 22 de novembro de 2021)

nº	Título	Nº expediente	GDR COORDINADOR	MOTIVACIÓN	DATA FINAL PARA A EXECUCIÓN E XUSTIFICACIÓN DOS INVESTIMENTOS (PARA A ANUALIDADE 2021)
6	Museos vivos	L18 1930 06 0001	Asociación de Desenvolvemento Rural Ribeira Sacra-Courel	Atraso na obtención de permisos e licenzas	22/11/2021
10	Son de Monte	L18 1930 10 0001	Grupo de Desenvolvemento Rural A Limia Arnoia	Atraso na execución	22/11/2021
14	Eurochef	L18 1930 14 0001	Grupo de Desenvolvemento Rural Baixo Miño	Atraso na execución	22/11/2021
15	Dinamización e promoción IXP Viños de Galicia	L18 1930 15 0001	Grupo de Desenvolvemento Rural Pontevedra- Morrazo	Atraso na execución	22/11/2021
18	Xestión da sustentabilidade nos espectáculos ao vivo	L18 1930 18 0001	Asociación de Desenvolvemento Local Deloa	Imposibilidade de pagar as retencións das facturas e a dificultade de organizar unha xornada de interés antes do 15/10/2021	22/11/2021
23	Alimentos da biosfera	L18 1930 23 0001	Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas -Betanzos	Dificultade no contacto cos responsables de empresas e centros escolares implicados nas accións do proxecto	22/11/2021
24	Incorporando ilusións	L18 1930 24 0001	Grupo de Desenvolvemento Rural Seitura 22	Atraso na execución	22/11/2021



Santiago de Compostela,
O subdirector de Relacións cos GDRs
(asinado electrónicamente)

Moisés Blanco Paradelo

Tendo en conta o exposto, **RESOLVO aprobar a proposta do subdirector** de Relacións cos GDRs nos seus propios termos

Santiago de Compostela

O Consello de Dirección de Agader
(P.D: Acordo do 13/12/2019)
A directora xeral da Agader
(asinado electronicamente)
Inés Santé Riveira

AXENCIA GALEGA DE
DESENVOLVEMENTO RURAL
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Lugar da Barcia 56, Laraño
15897 Santiago de Compostela
T. + 34 981 547 354
infoagader@xunta.gal
agaderxunta.gal

